



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Literatura Hispanoamericana		Código	613G01038
Titulación	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuadrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoloxía Española e Latina			
Coordinación	Caparros Esperante, Luis	Correo electrónico	luis.caparros@udc.es	
Profesorado	Caparros Esperante, Luis	Correo electrónico	luis.caparros@udc.es	
	Rico Alonso, Sonia		sonia.rico.alonso@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo dos principais movementos, autores e obras das literaturas hispanoamericanas, tendo en conta as diferentes etapas históricas dende o Descubrimento até a actualidade, estudadas en conxunto como parte dunha realidade histórica, alén de estética. Estudo contextual e estudo literario práctico elaborado a partires do traballo cos textos.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A16	Coñecer a crítica textual e a edición de textos.
A17	Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua española.
A18	Coñecer a historia e a cultura das comunidades hispanofalantes.
A19	Dominar a gramática da lingua española.
A20	Coñecer a situación sociolingüística da lingua española.
A21	Coñecer a variación lingüística da lingua española.
A22	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua española.
A23	Ter coñecementos de terminoloxía e neoloxía.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/a e profesional.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Cóñecer e aplicar as técnicas de análise de texto.	A1 A2 A10 A11 A15 A16 A17 A19 A23	B1 B2 B3 B4	
Cóñecer a literatura dos países americanos e entender a realidade histórica.	A17 A18 A20 A21 A22	B5 B8	
Ter capacidade para avaliar un texto dende a crítica e a historia.	A1 A2 A10 A11 A15 A16 A17 A18	B5 B7	
Entender a idea de América e a riqueza das súas culturas.	A15 A18 A20 A21	B5 B8	C4
Comprender a conquista e a colonización, a independencia e a actualidade americana dende a súa produción literaria en diversos xéneros.	A1 A2 A10 A14 A18 A20 A21	B7 B8 B9 B10	
Desenvolverse para unha cidadanía culta e aberta a revisión continua da realidade e a historia.	A11 A15	B7 B8 B9 B10	C4

Contidos	
Temas	Subtemas
Introducción. Contextos históricos, xeográficos e culturais.	As culturas precolombinas A invención de América
As crónicas de Indias.	Colón, Bernal Díaz del Castillo, Fray Bartolomé de las Casas, Alvar Núñez Cabeza de vaca.
Literatura colonial hispanoamericana. A configuración da sociedade americana.	Renacimiento Barroco Ilustración



A emancipación. A novela romántica e realista hispanoamericana.	Romántica Antiesclavista Histórica Sentimental Indianista Realista
Contextos históricos e culturais de fines do século XIX. Decadentismo e Modernismo	José Asunción Silva Rubén Darío
O século XX. A vangarda poética hispanoamericana.	Vicente Huidobro César Vallejo Pablo Neruda Octavio Paz.
O conto hispanoamericano do século XX. Teoría e práctica do conto.	Juan Emar Jorge Luis Borges Augusto Monterroso Juan Jose Arreola
A novela hispanoamericana no século XX. O real maravilloso. A nova novela. A internacionalización.	Miguel Ángel Asturias Alejo Carpentier Juan Rulfo Julio Cortázar Carlos Fuentes
A literatura hispanoamericana actual.	Últimas tendencias da creación e a crítica.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A10 A14 A17 A18 A20 A22 A23 B3	21	30	51
Obradoiro	A1 A2 A10 A11 A14 A15 A16 A19 A21 B1 B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C4	18	51	69
Actividades iniciais	B8 B9 B10 C4	3	0	3
Proba mixta	A2 A10 A11 A14 A15 A17 A19 B7	3	21	24
Atención personalizada		3	0	3
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	A sesión maxistral contempla a exposición razoada de metodoloxías e contidos, alén da exposición do contexto estético e histórico en que se insire a proposta de cada un dos temas do programa. A sesión maxistral ten carácter teórico e posúe o valor imprescindible de conter os fundamentos das sesións prácticas, que axudan ao alumnado co dominio das competencias da materia. Prepara para a autoformación, para as sesións de traballo no obradoiro e posteriormente para a proba mixta.
Obradoiro	O obradoiro consta dunha serie de traballos prácticos cos que se procura o dominio da disciplina mediante a aplicación de formulacións metodolóxicas diversas. O alumnado realizará comentarios, simulacións, discusións dirixidas, análises de documentos, exposicións e, tamén, propostas razoadas de investigacións futuras nun tema, e analizarán a súa viabilidade. Articularán ideas que expresarán en situacións comunicativas creadas na aula expresamente.



Actividades iniciais	Presentación do contido e avaliación dos coñecementos previos do alumnado, así como avaliación da súa disposición fronte á materia. Valoración das necesidades específicas do alumnado.
Proba mixta	A proba mixta consistirá na realización dun ensaio orixinal en que se poderá solicitar a explicación dun tema contextual ou estético-literario, que se aplique e se exemplifique mediante a análise dun fragmento facilitado ao alumno ou alumna e que este deberá recoñecer e explicar. A proba mixta poderá contemplar tamén un apartado de identificación de obras do programa.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Sesión maxistral Proba mixta	A realización das diferentes actividades do obradoiro teñen carácter de prácticas nas que se elaboran modelos críticos, ca utilización de fontes bibliográficas adecuadas. A boa utilización dos recursos do obradoiro require correccións individualizadas, indicacións expresas, facilitación do material necesario a cada alumno na súa diversidade. A sesión maxistral exige persoalizar a atención, dada a diversidade do alumnado que require de explicacións e preparación para a afrontala. A proba mixta require a atención a diversidade do alumnado e a explicación das tarefas complexas que se solicitarán na mesma.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A1 A2 A10 A11 A14 A15 A16 A19 A21 B1 B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C4	O obradoiro está conformado por un conxunto de actividades que propón o profesor ou profesora e que leva a cabo o alumnado baixo a súa tutela. Os traballos expóñense e entregáronse ou debatíronse na aula. Cada un deles terá unha cualificación e, no conxunto, unha avaliación global.	50
Sesión maxistral	A2 A10 A14 A17 A18 A20 A22 A23 B3	A asistencia e a participación activa nas sesións maxistrais será evaluable de maneira continuada.	10
Proba mixta	A2 A10 A11 A14 A15 A17 A19 B7	A proba mixta recoñecerá o aproveitamento das sesións maxistrais e a súa aplicación nos obradoiros. Complementa de maneira significativa a cualificación obtida no obradoiro e na sesión maxistral.	40

Observacións avaliación
Terá a cualificación de "Non presentado" os alumnos que non se presenten ao examen ou proba mixta Para aprobar a asignatura a cualificación da proba mixta será coma mínimo de 4 (sobre 10) Na segunda oportunidade, o alumnado recuperará aquelas partes non aprobadas na primeira oportunidade. Teráse en conta a situación específica do alumnado con dispensa académica.

Fontes de información



Bibliografía básica	Obras de referencia:Trinidad Barrera, Historia de la Literatura Hispanoamericana. Siglo XX, Madrid: Cátedra, 2008. Roberto Glez. Echevarría/ E. Pupo Walker; Historia de la Literatura Hispanoamericana, 2 vols. Madrid: Gredos, 2006.Luis Iñigo Madrigal, Historia de la Literatura hispanoamericana, vols. I y II. Madrid: Cátedra, 2008.José Miguel Oviedo, Historia de la Literatura Hispanoamericana, 4 vols. Madrid: Alianza, 2001.Renaud Richard, Diccionario de Hispanoamericanismos. Madrid: Cátedra, 1997.Obras literarias:Miguel Ángel Asturias, El Señor Presidente. Madrid: Cátedra, 1997.Alberto Blest Gana, Martín Rivas. Madrid: Cátedra, 1981.Roberto Bolaño, Los detectives salvajes. Madrid: Anagrama, 1998.Jorge Luis Borges, El Aleph. Madrid: Debolsillo, 2011.Jorge Luis Borges, Narraciones. Madrid: Cátedra, 1980.Julio Cortázar, Rayuela. Madrid: Cátedra, 1997.Rubén Darío, Prosas Profanas y otros poemas. Madrid: Castalia, 1983.Juan Emar, Diez. Santiago de Chile: Ercilla, 1937.Carlos Fuentes, La muerte de Artemio Cruz. Madrid: Cátedra, 1995.Gertrudis Gómez de Avellaneda, Sab. Madrid: Cátedra, 2005.Vicente Huidobro, Altazor. Madrid: Cátedra, 1989. Sor Juana Inés de la Cruz, Poesía Lírica. Madrid: Cátedra, 1992.Pablo Neruda, Residencia en la Tierra. Madrid: Cátedra, 1994.Juan Rulfo, Pedro Páramo. Madrid: Cátedra, 1983.Miguel Rivera Dorado, ed., Popol Vuh. Madrid: Trotta, 2008.Mercedes Serna, ed., Crónicas de Indias. Madrid: Cátedra, 2000.José Asunción Silva, De Sobremesa. Madrid: Cátedra, 2006.José Miguel Oviedo, ed., Antología crítica del cuento hispanoamericano del siglo XX, vol. 2. Madrid: Alianza, 2006.César Vallejo, Trilce. Madrid: Cátedra, 1991.Toda a bibliografía e básica. A búsqueda e valoración da bibliografía secundaria é unha das tarefas que se levarán a cabo no obradoiro nun proceso de autoformación dirixido.As lecturas presentadas son de carácter obrigatorio. Nalgúns casos o profesor ou profesora poderá decidir, á vista dos resultados na aula, se a lectura debe ser completa ou pode ser fragmentaria. Os libros cítanse por edicións recomendadas. Porén, moitos textos áchanse en bibliotecas virtuais ou noutras edicións que, de non seren desaconselladas expresamente, son válidas para a lectura das obras ou dos fragmentos estudados durante o curso.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías